



Manifesto da Plataforma Dereito ao Tren

A estación da **Gudiña-Porta de Galicia** dá servizo de tren ao territorio do **oriente de Ourense**, que inclúe tanto as comarcas de **Limia, Trives, Valdeorras, Verín e Viana** e facilita a comunicación co **Norte de Portugal**.

Os horarios dispoñibles na devandita estación ata o pasado **9 de xuño de 2025** permitían desprazarse para acudir a consulta médica, xestións administrativas, e diferentes casos de uso relacionados co emprego, a educación, o turismo rural e desenvolvemento local, a emprendeduría, a conciliación familiar e un longo etcétera, en definitiva uns horarios que posibilitaban á poboación exercer **o seu dereito de mobilidade e acceso aos servizos**.

O 9 de xuño **RENFE oficializou uns novos horarios nos que elimina 16 trens** dos que ata entón tiñan parada na Gudiña. Os cambios introducidos por RENFE quitáronnos ese dereito á mobilidade e **poñen en grave risco a igualdade de oportunidades no noso territorio**.

Agora emprendemos **unha mobilización para defender o noso dereito á mobilidade, á igualdade de oportunidades, ao acceso ás infraestruturas** que transforman o noso territorio e que outros, pero non nós, poden gozar.

Queremos ver pasar o tren, que pare e que sexa útil.

O noso medio rural debe ter as mesmas oportunidades que o resto dos territorios.

A desaparición dos horarios útiles de tren, poñen en risco tamén a **continuidade da propia estación**. Os horarios inútiles farán que se utilice menos e, por tanto, dará pé á redución posterior dos servizos e **finalmente o peche da estación**.

Para permitir a conexión do AVE coas comarcas veciñas de Valdeorras e Verín, establecéronse **autobuses de ligazón** entre os concellos e a estación. Eses horarios de transporte por estrada permitiron manter conectadas as comarcas. Agora están tamén en risco de desaparición.

Por todo iso, solicitamos a todas as administracións involucradas, tanto provinciais, autonómicas, e estatais, que nos permitan aos cidadáns acceder a un **dereito fundamental como é o transporte**, que nos permita acceso aos servizos **sen discriminación territorial**.

A nosa reivindicación é que a Estación da Gudiña-Porta de Galicia conte con **horarios útiles** para as necesidades que ten a poboación neste territorio, en igualdade de condicións que teñen outros territorios e estacións de orixe. Por iso pedimos:

- **A adaptación dos horarios ás necesidades da poboación.**
- **O restablecemento das frecuencias eliminadas.**
- **Apostar por un servizo público ferroviario útil.**